

Resumo

Nestes momentos nos que a acreditación de niveis de competencia lingüística mediante exames de dominio está no “ollo do furacán” das universidades españolas e nos seus plans de internacionalización, o papel que xogan os Centros de Linguas na creación de exames a partir do modelo consensuado CertAcles é cada vez máis importante. Agora ben, os condicionamentos con que os centros nos atopamos tamén o son: esixencia dun gran número de convocatorias a costes mínimos, número reducido ou inexistente de persoas que poidan adicarse a tempo completo á creación de exames, insuficiente número de candidatas/os en linguas non-inglesa, as propias normas establecidas por ACLES.

Este grupo de interese brindará a oportunidade de debater acerca destes condicionantes e da forma en que se lles podería facer frente:

- Compartindo recursos con outros centros
- Colaborando de forma eficaz con outros centros
- Identificando e fomentando boas prácticas